

# Informe do día 15/11/2018

**Informante Grupo 2:** Suevia Martínez Losada.

**Grupo 2:** Miguel Anxo Garrido, Isaac Rodríguez, Pablo Filgueira, Francisco Javier, Daniel Míguez, Ángel López, Rubén Grande, Andreu Mascaró (falta).

## ● Salida a Pontecaldelas.

Ás 08:30 reunímonos diante dos talleres os cursos 1º de Superior de Xestión Forestal e 2º de Medio de Traballos Forestais para repartir as diferentes tarefas que vamos a realizar durante toda a mañá.

Carmela danos a cada grupo unha bolsa de noces de *Juglans regia*, unha por persoa, para sementar nun lugar onde vexamos que pode haber un bó chán e poida cumprir as condicións para que xermine. Despois danos a cada ún un sobre de semillas de *Laurus nobilis* e outro de *Ilex aquifolium*.

O grupo que vai con Carmela é o seguinte:

1º Superior:

- María Jesús Rodal
- Elena Seoane Martínez
- Salvador Omil
- Daniel Míguez
- Ángel López
- Suevia Martínez Losada
- Andreu (falta)

2º Medio:

- Rubén Rozados (falta)
- Sergio Sobral (falta)
- Aaron Torres
- Sergio Torres (falta)
- Manuel Rodríguez Áspera (falta)

Saímos a Pontecaldelas ás 08:45 e chegamos alí sobre ás 09:45.

Unha vez alí volvémonos a reunir para coller cada ún unha estaca, con ela poderemos facer un burato no chán e sementar as diferentes sementes repartidas anteriormente no lugar onde se arrincou antes o *Eucalyptus globulus*.

As landras enterraranse a 2 ou 3 dedos de profundidade, as outras dúas non fai falta enterralas moito xa que son mais pequenas.

Tamén se repartirá unha maceta con landras para cada ún.

A proporción á que imos sementar é a seguinte:

- 1 landra por 1 eucalipto.
- 1 landra por 2 arbustos.

Sobre ás 10:15 chegan os rapaces do instituto no que imos a traballar e asígnanse un ou dous rapaces a cada ún de nós para ir a sementar. No meu caso ven conmigo un rapáz chamado Aaron.

A zona pola que imos a traballar vai ser por todo o arredor do instituto. Os grupos divídense para facer as diferentes tarefas asignadas.

Os que imos a sementar repartímonos en pequenas parcelas do terreo queimado de 2x2 para non sementar todos no mesmo sitio.

Carmela é a única que vai sementar *Arbutus unedo* por todas ás parcelas indistintamente.

As 11:30 paramos para facer un descanso ata as 12:00. Volvémonos a reunir cos mesmos rapaces e agora imos a cambiar de parcelas. Imos máis preto do río.

Seguimos sementando ó carón do camiño e vamos facendo un control dos eucaliptos e acacias que nos imos encontrando, xa que son especies invasoras.

Preto das 12:30 encóntrase un niño de *Vespa velutina* no camiño e sinálase. As avésporas pican a dous rapaces e cunha deles teñen que marchar ó ambulatorio.

Ás 13:15 rematamos o traballo e recollemos toda a ferramenta utilizada. Pásase lista antes de entrar ó autobús e marchamos.

- **Ferramenta empregada.**

- Estacas de madeira.
- Macetas para portar as landras.
- Sementes de *Quercus robur*, *Laurus nobilis*, *Ilex aquifolium*.
- Guantes.

- **Exemplos do que se fixo.**

